

As festas patronais de Monforte xa teñen cartel



Páxina V

Letras Galegas 2023 para Francisco Fernández del Riego



Páxina V

Concurso internacional de café tostado en Expourense



Páxina VII

Plan Territorial Especial para San Fiz de Asma



Páxina XIII

Camiño Emprendedor exemplo de concordia en Ourense, Muxía e Fisterra



Páxina XIV

Xunta e Goberno central loitarán contra a actividade incendiaria



Páxina XIV



Acisclo Manzano recibe a Medalla de Ouro da Provincia de Ourense

Páxina XII

Cea celebrou con éxito a Festa de exaltación do Pan

Páxina XV



Nós, a Xente do Redor

Subscríbete en
Tlf. 988 60 70 75
Tlf. 672 435 891



Xa a Venta:
lámina de "Paco Ascón"
de agasallo co número 7



Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

A xeopolítica da fame

Dende comezos de xuño, a FAO ven advertindo dunha inevitable crise alimentaria, con especial incidencia no mundo árabe e África. Os países árabes, grandes consumidores de trigo e cereais, importan o 50% deses rubros precisamente de Rusia e Ucraína. O presidente de Senegal e da Unión Africana, Macky Sall, visitou recentemente Moscova para pedirlle a Putin que deixe exportar trigo e cereal dende portos ucraínos.

En Kiev acusan a Putin de cargar buques con trigo e cereal ucraíno, presuntamente 'robado', saíndo do porto de Mariupol baixo control ruso. Tamén acusan a Putin de utilizar a fame como arma política, lembrando o tristemente célebre Holodomor, o "exterminio por fame" utilizado por Stalin en 1932-33 coa colectivización forzada no campo soviético, e que deixou millóns de mortos en Ucraína e o sur de Rusia.

O 'pantasma' dunha crise alimentaria global planea no ambiente toda vez a guerra ucraína vaise cada vez máis enquistando e dividindo territorialmente de facto a ese país. Os líderes da UE xa decidiron abrir a futura admisión de Ucraína

dentro dunha década, buscando afastala definitivamente da órbita rusa. O contexto semella máis ben augurar un posible reparto de Ucraína entre Occidente e Rusia, con todos as súas riquezas naturais.

Mentres Occidente vive a crise enerxética e a alza da inflación, o mundo árabe e

"O 'pantasma' dunha crise alimentaria global planea no ambiente toda vez a guerra ucraína vaise cada vez máis enquistando"

África comeza a sentir os embates da crise alimentaria derivada da escaseza de subministrados, ben sexa polas distorsións económicas globales da pandemia e polo incansante avance do cambio climático, factores agora agravados polo bloqueo exportador nos portos do Mar Negro e de Azov.

Incluso destaca tamén unha tempada de malas colleitas en China e India, os países máis poboados do planeta, derivadas das inundacións. Toda vez, escasean os fertilizantes (Rusia é tamén un alto produtor

mundial). As previsións alimentarias son sombrías para o período 2022-2023.

Incluso especulan con que esta crise alimentaria podería motivar cambios políticos vía unha nova Primavera árabe como a acontecida en 2011. Precisamente, a 'faísca' revolucionaria no mundo árabe comezou ese ano en Tunisia pola alza dos prezos do trigo. Pero o panorama actual é diferente. As elites árabes e africanas, cos seus aliados exteriores, lograron "domesticar" esas ansias de liberdade e democracia apostando por reformas cosméticas e a sempre 'eficaz' represión.

Por outra banda, Putin precisamente logrou vertebrar redes de alianzas no mundo árabe e africano que agora se revitalizan prometendo asegurar o subministro alimentario. Compre observar que a maioría dos países árabes e africanos amosaron sintonía cos intereses rusos na guerra ucraína, sexa polo apoio directo ou apostando pola neutralidade.

Con todo, é lexítimo preguntar: estamos quedando sen stocks que propicien unha inminente crise alimentaria? Ou máis ben este 'espectro' supón unha medida de presión por parte dalgúns actores (Rusia, Occidente) á hora de alcanzar condicións máis propicias para os seus intereses xeopolíticos e económicos? Acaso os poderosos

lobbis agro-industriais en EEUU e Europa non están expectantes, agardando a súa oportunidade, ante esta disrupción no subministro aos mercados motivado polo bloqueo exportador da guerra

"Acaso os poderosos lobbis agro-industriais en EEUU e Europa non están expectantes, agardando a súa oportunidade?"

ruso-ucraína? Como sucede co asunto enerxético ante as sancións occidentais ao petróleo ruso e agora a crise con Alxeria, non están tamén especulando os produtores estadounidenses para vender os seus excedentes, tanto enerxéticos como alimentarios, a prezos exorbitantes, propiciando un 'neo-colonialismo' económico?

Estas distorsións nos mercados, pode propiciar algunha oportunidade para América Latina, tamén produtor desas materias primas necesarias, que lles beneficie cun inesperado boom económico? Ou tentará Washington manobrar aquí tamén para sacar beneficios xeo-económicos?

Polo visto, a fame é tamén unha arma da xeopolítica.



Por Ramón Coira Luaces

Feliz Día da Patria Galega 2022

Gosto da paz e aposto pola paz, aínda que o meu pacifismo non é absoluto e hai circunstancias nas que eu tamén apoiaría o dereito á lexítima defensa... Porén en xeral non gosto da violencia nin dos abusadores, leven a bandeira que leven. E, aínda que sempre hai motivos

para atender contra a paz, a paz non ten prezo, ten valor. Ás veces hai mazás que por fóra son fermosas pero por dentro están podres e hai outras que por fóra non teñen bo aspecto pero están sas e son saborosas. O mesmo pode ocorrer coas persoas... O pobo galego é un pobo que ama

a xustiza e as boas formas de convivencia. Non vou especular agora acerca do porqué, porén o certo é que estamos oprimidas, privadas de moitos dos nosos dereitos colectivos e individuais e o Réxime do 78 está en crise, coído que profunda; porén as elites aférranse aos seus privilexios e non queren unha evolución cara un novo réxime máis democrático e máis xusto: no lingüístico, no social e no territorial. Cada quen


escollerá o seu camiño, eu aconsello seguir traballando e apoiando a quen defende os dereitos e intereses de Galiza e do pobo galego con certa ambición e sentido común: o BNG, principalmente. Feliz 25 de xullo, feliz Día da Patria Galega!



FIZ



ANTOMS



Por Avelino Jácome

Cando os galegos escoiten os mil ríos

As escumas traen folerpas dos soños, ausencias que se volven presenzas entre os brizos e as troitas! E eu devez polo frescura do seu alento.

Quixera ser fento para facerlle as cóxegas nos pés aos ameneiros, entre a presa do Muíño e o Pio, debaixo do prado dos do Calviño, ser unha andoriña das que mollan o cu no lavadoiro da Fonte da Picha, ou unha lavandeira no nabal da Eira.

Ribas do Asneiro é unha fenda chea de agarimos que se crava en min, unha navallada que me fere e me alenta, é o pasado!

O pasado é o que non pode pasar nunca, aniña nos miolos, nos nervos e na memoria adormece, esperta cando quere, coma os sapos nas porrais e as pintegas nas brañas. Somos pasado, somos recordos e penas, risos e amores, bicos e flores, somos o que vivimos, e sen pasado, non somos nada!

E o Asneiro carrega a auga sen descanso, xeneroso no esforzo, non se queixa, non lle doi o lombo, baixa do monte paseniño ou rebulideiro, esfamiado ou fachendoso, cargado de pasado, esvarando polas penas para entregarse sen reclamos, sen ter conta das loitas ou dos sufrimentos, e as vacas lambeno no bebedeiro de entre os ríos coma lamben nos becerríos porque as vacas son agradecidas e tenras.

As mulleres lavan e aturan a friaxe nas mans, e tampouco se queixan, nin saben inda que quixeran, son feitas de molime e de carqueixas, de esterco e de palla, de roca e de liño, de olas e de leite mazado.

As mulleres teñen os colos coma as noites estreladas do verán, grandes e lenes, farturentos para os famentos e famentos para elas, trafegan de noite e de día e comen do que sobra para que non lle falte aos outros, inda así, sempre lles queda unha codia para darlle o can.

En Ribas do Asneiro, agora as xentes vanse indo nas correntes coma as follas dos bidueiros no Outono, os novos xenos espalláronse polo mundo e moitos nin se acordan das nais, andan trunfando no mundo dos ricos, non se acordan das xeadas, nin do fume, nin dos colos... Estanse quedando sen presente porque esqueceron o pasado, mais as escumas seguen escorregando sen tregoa chamando por eles.

E hoxe celebramos o día de Galicia según uns, ou o da Patria Galega según outros, e as aldeas esmorecen, e os ríos envelénanse, e os que nunca tiveron unha vaca, nin pasado, ensinan e dirixen, queren "ensinarlle a seu pai a facer fillos", e prantan nas chousas eucalitos e cortan carballos polo pé, mentres falan de axudar

ao rural...agora chámalle así, para que o crime non semelle tan brutal.

E estan os horreos baleiros, nin millo, nin fabas, nin nada, o derradeiro rato mudouse fai tempo, os ratos galegos saben moito da emigración, aprenderon a matar a fame de casa allea en casa allea, sen ter ren, sen casa de seu!

Mais o Asneiro sabe de idas e de voltas, de anguías e de bancos de peixes, para axudar aos troiteiros e aos rapaces, sabe de bágoas polos que se foron e de ledicias cando volven pola festa do San Xoan, e chouta polos prados cando os fillos xúntanse na casa dos pais, xa vellos, e cantan as cantigas que aprenderon dos avós.

Segue Galicia ergueita, porque a terra non esquece; sabe onde mamou de meniña; sabe do pasado, do sangue, das loitas e das fames; sabe inda máis, dos homes rexos que turrando levantaron este paraíso; sabe dos camiños, das estrelas no firmamento de leite e de luz; coñece as marcas dos regos abertos onde bailaban as lavandeiras e casaban os grilos.

Haí esperanza inda, porque o cuco segue a cantar na cerdeira do Perucho, a merla fixo o niño nos sabugueiros da Costa da Fonte e aínda cheira a fume na "Casa do Tabao dos Muíños" e os meniños tocan a gaita e beben das tradicións cargados de pasado; sen torcerlle a cara ao fume rexurden nunha alborada nova e infinda para ti, Galicia, nosa nai!

Non fagades moito caso, se cadra eu

non entendo nada, son un ninguén, un poeitiña cativo, nin siquera iso, un rapazolo que escoita aos paxaros e as ras; un "anacrónico sentimental" díxome un dos que saben moito, dos estudados. Ten razón, estamos pasados de moda, os que pensamos en coidar as leiras, os montes, as fontes, os ríos... Os que gustamos dos arrecendos do fume!

O Asneiro segue correndo por Ponte Albite, por Lamas camiño de Mouriscade, buscando o Deza, cativiño, sinxelo, sen parar, sen facer balbordo.

Poida que un día os galegos escoitemos os mil ríos e defendamos a nosa terra, sen tregoa, sen queixa, sen pelexas entre nós, poida que a Terra xenerosa agarde, poida que volvamos a ser quen de enfrontar o noso destino, e berrar forte: Galicia, ti es todo en nos, e nós non somos nada sen ti!

E deitaremos papá na Praia de Branco, a carón da Pena da Lenda de Aldara, agardaremos coma ela unha enchente, e montados no noso cabalo, no Moro agarimoso, viaxaremos polas escumas cantando, e contarame aquilo de que "Galicia non morrerá nunca mentres un galego queira" e remataremos as Andrómenas botándolle "a Rianxeira"!



Por Olegario Sotelo Blanco

No pasamento de Basilio Losada

Acaba de finar en Barcelona Basilio Losada Castro nacido na Pobra de San Xiao (Láncara, Lugo) en 1930. Dende que tiña catro anos viviu fóra de Galicia, residindo primeiro en Madrid, logo en León e a partir de 1939, en Barcelona. Nesta cidade estudou bacharelato, Filosofía e Letras e máis Dereito. Doutorouse en Filoloxía e dende 1972 foi director do Departamento de Filoloxía Galaico-Portuguesa da Universidade de Barcelona na que máis tarde alcanzou o grao de catedrático.

Losada foi un humanista de moi sólida formación, el mesmo definíase como lector: "teño unha inmensa preguiza para escribir". Foi sobre todo lector de poesía. Esta e a arte representaron en efecto os dous centros máximos da súa actividade intelectual, que se estende a moitos outros campos de acordo coa súa multifacética personalidade. El considerábase "todo o contrario dun especialista".

Dende sempre desenrolou unha ampla e competente labor de difusión da literatura



Na foto de Bautista Sotelo, "o meu derradeiro encontro con Basilio."

galega. Convén salientar a súa colaboración en enciclopedias como Salvat, Espasa, Durvan, Enciclopedia Catalana... Ademais escribiu centos de artigos en galego e publicou poesía galega de posguerra e de poetas contemporáneos. Como crítico literario e tradutor o seu traballo foi constante e sempre me dicía que "traducir é a mellor maneira de ler".

Basilio foi insubstituíble en calquera acción cultural que se celebrara no ámbito da colonia galega en Cataluña, foi secretario

do Centro Galego de Barcelona durante oito anos cando era presidente o seu amigo Manuel Casado Nieto e contribuíu decisivamente á organización da biblioteca desta sociedade, unha das máis completas sobre temas galegos das existentes nas entidades da nosa diáspora.

Coñecín a Basilio precisamente no Centro Galego, onde mo presentou Monolo Casado e foron eles dous os culpables de que comezara a miña experiencia de editor anos máis tarde en Barcelona. Os dous colaboraron coa editorial dende o primeiro momento, Basilio chegou a dirixir a colección de poesía Leliadoura, unha das máis importantes publicadas en galego, na que colaboraron amigos seus cataláns como Ángel Crespo, Pere Ginfrer e Manuel Vázquez Montalbán entre outros.

Leliadoura baixo a súa dirección publicou a moitos poetas emerxentes na época como Manolo Rivas, Fernán-Vello e moitos máis. Entre outras moitas colaboracións para a Editorial Rosel fixo a tradución do libro do Nobel José Saramago, *Las maletas del viajero*.

Fixemos moitas viaxes xuntos a Galicia, sobre todo nos primeiros anos da posta

en marcha da editorial, nas que me presentou a centos de persoas da cultura galega, entre eles o sempre recordado e hoxe me-

recidamente homenaxeado Francisco Fernández del Riego, a Ramón Piñeiro, a Carlos Casares, a Vitor Freixanes, a Alfredo Conde...

Cantas veces comemos no restaurante Vilas e máis tarde no Don Gaiferos! Era un amante incondicional da tenreira Stroganoff regada con viño de Amandi neste último establecemento.

Acaba de finar un bo amigo e colaborador durante moitos anos e, parafraseando a Alberto Cortez na súa canción, cando un amigo se vai, neste caso é moi difícil de encher o espazo baleiro con outro amigo. Hai poucos meses que estivemos Bautista e mais eu, non sabiamos nese momento que por derradeira vez, tomando café e charlando un bo anaco nun local a carón da súa casa. Vino vello, pero a conversa foi tan agradable coma sempre.

Descansa en paz, meu AMIGO.



Opinión

Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Chega o día

Pensan, os constituíntes, que a descentralización nos outorga o dereito de sermos nós, prendidos da súa corda. Ese dereito de liberación que preconizaría poder xestionarnos a nós mesmos e impediría derivar, no seu eterno medo de separación, á desasimilación da súa circunstancia abusiva.

Esa é a cuestión, a mesma que veñen exercendo dende hai séculos, no medo do noso arredismo. Que máis ben sería emancipador e non nos obrigaría a calar tanto e a gardar esta, a nosa propia voz.

Sucédenos por culpa de afacernos a tanto anómalo anonimato sen que eles “nos concedan” a consideración debida, liturxia de culto a anos luz dos honrados fins da nosa realización ou soberanía.

Non lles acorda o deber de distribuír reparando aquelas débedas históricas que levan tempo ocultando, medos e culpas da súa desasimilación, do “ninguneo” per-

manente e das lentas infraestruturas que, cando chegan, están obsoletas.

Son culpables da desafección e do seu absolutismo envexoso e invasor, con rancores, abusando competencias de pertenza,



de orgullo e dignidade, na mesma esencia

do noso ser. Mentindo a historia e inoculándonos complexos absurdos de inferioridade. Reproducíronse arbitrariedades, malos tratos, excesos, roubos e enganados, silencios.

Eu négome a aceptar as migallas dos seus banquetes. Sempre son deslealdades, distancias asoballadas sen solución eficaz para un posible entendemento. Asegundáronnos e fixeron gala da súa astucia colonizadora, coa malicia opresiva de ignorarnos, erguendo contra a liberdade dos pobos, do Noso Pobo. Seguen a pretender colonizar da peor forma posible: deixando que se borren os nosos signos de identidade. Que é un modo de matarnos, nesta morte lenta de prohibir constantemente, de invadir en eucaliptos, en eólicos, en perturbadas minas de ruína, en despoboamentos, en explotación abusiva de recursos, en pór lindes á liberdade, ocultar a verdade, abrasarnos a obrigas retraendo os dereitos que deberamos ter, traballar en precario, poder vivir aquí sen ter que marchar, en dignidade e sen ser escravos ou traballadores de amos, por conta propia.

Seguen a trocar ouro por bagatelas, imposición de reinados que ninguén escolleu, cartas magnas faltas de equilibrio e nunha utópica unidade de favores que administran, chámalle xustiza, cos seus amigos e que gardan sempre algunha trampa de interpretación en paraísos fiscais.

Un pasado inaceptable que nos profanaron deshonrándonos, que non augura o noso pasado dignos, nin presentes confiadados. E nin sequera, futuros de esperanza. Que saiban que non aceptaremos ir cara á perda de Nós, do Noso, do orgullo de ser. Negámonos a caer no mesmo sitio de abismos e precipicios onde nos anulen e extingan. Por iso, celebraremos -máis que nunca- a Nosa Patria, A Patria Galega. Non ese retraído concerto de favores. E chegará o día de celebralo seguido, todos os días do ano, sen ter que pedir permiso, pois seremos en propiedade, donos da Nosa Casa!



Por Nemésio Barxa.

Nada que celebrar

Este vai-se e aquele vai-se..., poetizava Rosalía polos anos 60 do século XVIII e depois de mais de 160 anos podemos acreditar que se seguen indo e contabilizar que entre o 2.009 e o 2.021, período glorioso da presidencia autonómica de Feijoo e o omnipresente PP, emigramos 371.637 persoas. Mudamos de presidente autonómico sem que em 13 anos, desde o 2.007 (com o bipartito) conseguira novas transferencias competências.

Nem falemos do triste legado que o Sr. Feijoo deixa depois de 13 anos na Sanidade pública com sua política de desmantelamento, descapitalização e privatização do sistema sanitario público em beneficio das multinacionais farmacêuticas e de tecnológicas sanitárias com cargo aos fundos públicos, de desanimo no pessoal sanitario, de recorte dos recursos sanitarios públicos do sistema, redução da atención hospitalária e incremento das listas de espera, desmantelamento da Atención Primaria, dos Hospitais Comarcais

e de Centros de Saúde rurais, mentras blinda o controlo do sector empresarial sobre o SERGAS cujos recursos estratégicos



privatiza, etc., e ainda que assegurou que no novo orçamento da Comunidade Autónoma, para o 2.022, se incrementavam os recursos o certo é que a partida do gasto sanitario em nada se incrementa, a Atención

primaria sofre um recorte de 2% e as inversões recortam-se igualmente num 37%.

Tristeza é o único que reflete o tema do ensino e seus recortes; entre 2.009 e 2.020 fecharam-se 140 centros públicos, maioritariamente no rural enviando aos alunos por transporte escolar a 10 ou 20 kms., e depois fala de potenciar o rural. E já não digamos no idioma tanto na escola como na sociedade. O Conselho de Europa no seu informe em 2.019 e 2.021 alertou de que o número de matérias impartidas em galego é tão baixo como o 33% e que o material didático nessa língua é insuficiente; o mazazo ao ensino no idioma provoca que um 24% dos rapaces de menos de 15 anos sejam incapazes de manter uma conversa em galego.

No económico, remontándonos a antes da pandemia, podemos citar os feches de Ferroatlantica, Isowat, Poligal, Endesa em As Pontes,, Naturgy em Meirama, etc. a perda das Caixas de Aforros, o fiasco de Barreras/Pemex e muitos outros, pois dentro de um modelo económico clássico não se aproveitou o quinquênio de crescimento para reforçar o tecido produtivo.

Nada de que gabarse.

Não digamos nada da crise demográfica.

Nem das ajudas a dedo a rádios e periódicos em que evidencia sua parcialidade, premiando ás empresas mais afins, como La Voz, Faro, Progreso, La Región, El correo (em quantias de entre os 17,8 M e 2 M; 45 M nos seus treze anos de mandato) e negando essas ajudas estabelecidas a NOS diário e penso que tampouco este medio no que escrevo tenha ajuda alguma, únicos que empregam o galego na sua totalidade. Mentras em sanidade, educación e serviços sociais encadeava recortes o orçamento de subvenções a dedo á prensa ia subindo.

E no top do altar maior da Catedral Compostelana segue dominando o Apostolo Santiago guerreiro, a cavalo e com sua espada flamígera.

Nada que celebrar o 25 de julho. Só o nosso inquebrantável amor a esta terra galega que pretendemos soberana.

Quinta do Limoeiro, julho de 2.022.



Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

O Fancine de Lemos rende homenaxe a Jose Luís Montero

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, destacou no acto inaugural Fancine de Lemos, o labor de José Luís Montero, “figura clave na historia audiovisual e histórica de Monforte, que faleceu en 2021, e que doou unha importante colección de libros sobre Monforte ó noso Concello”. O Concello monfortino colaborou con 5.000 euros para o desenvolvemento do Fancine, ademais de ceder espazos como a Casa da Cultura, a praza de España e o Cuadrado do Parque dos Condes. A Deputación tamén achegou outros 5.000 euros, “polo que a nosa implicación co festival é firme, xa que ademais contribuímos a achegar a cultura ós veciños de Monforte, pero tamén á xente que decide visitarnos durante o verán”, salienta o alcalde. Este ano o festival xira entorno á relación que teñen o cinema e o mundo dos videoxogos, incluíndo



Inauguración do festival sobre o Fancine.

unha importante exposición de videoxogos antigos na Casa da Cultura. Tamén conmemora o 20º aniversario da película “Resident Evil” e o 40 aniversario da película “Tron”. O país convidado nesta edición é México.

Tras da presentación do Fancine

a cargo do seu director, Iván Patiño, estreouse en primicia o documental sobre a figura de José Luís Montero, figura clave en Monforte de Lemos, pois adicou gran parte da súa vida a coleccionar material único da historia da cidade.

As festas patronais de Monforte xa teñen cartaz



Marina Doutón, José Tomé e César Núñez.

“Por fin, despois de dous longos anos, en 2022 Monforte volverá a celebrar as súas festas patronais, dando un paso definitivo cara á normalidade que todos desexamos. Neste ano imos organizar todos os eventos con normalidade” salientou José Tomé, alcalde de Monforte, en rolda de prensa. Na presentación do deseño do cartel o alcalde estivo acompañado polo autor gañador, que foi César Núñez Álvarez, procedente de Astorga, coa obra “Identidade”.

José Tomé recordou que “este concurso para seleccionar o cartel é unha actuación que recuperamos en 2015, e que, a pesar da pandemia da Covid-19 seguimos convocando e fallando, tanto no ano 2020 como no ano 2021, porque era unha maneira de manter vivas as festas, co cartel e cos fogos do día 15”. Presentáronse 18 traballos artísticos. Oito deles foron ela-

borados por veciños e veciñas de Monforte. Tamén chegaron propostas de: A Rúa, Lalín, Nigrán, Vigo, Barcelona, Madrid, Xixón e Murcia. As 18 obras, serán expostas do 18 de xullo ó 16 de agosto na Casa da Cultura.

O xurado que fallou o concurso, estivo constituído por representantes de diferentes empresas creativas de Monforte, así como a concelleira de Cultura, Marina Doutón. O cartel gañador en verbas do alcalde “é un deseño no que predomina a estética tradicional e un ton de cor marrón, como simulando unha fotografía ou gravado antigos, e que recolle os principais elementos que protagonizan as nosas festas: a Virxe de Montserrat, a ponte medieval e o río, así como os gaiteros, pandereteiras e grupos de baile, que forman parte da nosa tradición festiva”.

Letras Galegas 2023 para Francisco Fernández del Riego

A Real Academia Galega dedicarlle o Día das Letras Galegas 2023 a Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, (Lugo) 1913 – Vigo, 2010). O pleno da institución acordou homenaxearlo o vindeiro 17 de maio, cadrando coa celebración do sesenta aniversario do primeiro Día das Letras Galegas, do que foi inspirador, e os cento dez anos do seu nacemento. Membro da nova xeración de intelectuais que lle deron continuidade ao ideario do Grupo Nós,



Francisco Fernández del Riego foi un loitador cultural incansable que chegou a se converter nunha auténtica institución do país, respectado por todos e aberto ás diversas manifestacións do gale-

guismo. Foi unha das figuras centrais do galeguismo progresista e clave da resistencia no exilio interior durante o franquismo, cunha traxectoria polifacética e prolífica que abrangueu dende a política, a creación e crítica literaria á edición. A comezos dos anos 50 foi un dos fundadores da Editorial Galaxia, empresa que desempeñou un papel central na resistencia cultural de Galicia durante o franquismo, e na última etapa da vida presidiu a Real Academia Galega (1997-2001).

Teño que engadirlle e fundir con nota de pregonera

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badaeux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017

Premios de narración e ilustración para Pablo Nogueira e Eva Piay

O colexio público Virxe da Saleta, de San Cristovo de Cea, acolleu o acto de entrega do XVIII Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez, que por decisión do xurado tivo como gañadores nesta edición aos ourensáns Pablo Nogueira, polo seu libro “O clube de coleccionistas de selos”, e á ilustradora Eva Piay, que coas súas láminas puxo imaxes á obra galardoada.

A deputada Patricia Torres agradeceu o labor do xurado integrado por David Canda, Antón Alonso, Xosé Antón Dorriño, Isabel Mociño, e Ana Malingre como secretaria, ademais da propia deputada como presidenta. Desexou que o alumnado goce dun libro “que ademais das diferenzas tamén fala de persoas moi importantes nas nosas vidas como os avós”.

Protagonista no seu colexio

Pablo Nogueira, ovacionado no seu colexio de Cea por máis dun cento de alumnos presentes no acto, explicou que desde as páxinas do seu libro tratou de artellar unha historia “onde aspectos como a inclusión, a diversidade e diferenza cobrasen unha grande importancia”, aspecto valorados e reflectidos por Eva



Foto de familia no colexio Virxe da Saleta de Cea.

Piay nas súas ilustracións, “que ademais da escrita tamén nos permiten expresarnos, falar do que somos e do que pensamos”.

O galardón, que convoca anualmente a Deputación de Ourense, está dotado con 1.500 euros para cada modalidade e ten como obxectivo fomentar a lectura no público máis novo, así como recoñecer o traballo de autores literarios e artísticos, unindo na obra premiada estas dúas disciplinas creativas.

Pablo Nogueira Campo (O Carballiño, 1987) é mestre de Audición e Linguaxe no colexio de Cea. Licenciado en Psicopedagogía pola USC, ten publicadas dúas novelas curtas para o público adulto: Banda Sonora Orixinal (Fervenza, 2019), obra ganadora do IV Certame Balbino de relatos, e Música para os días de inverno (Laiovento, 2020). “O clube de coleccionistas

de selos” inclúe “unha perspectiva inclusiva que da visibilidade á diversidade funcional entre a infancia”, destacou o xurado, salientando tamén “a posta en valor do medio natural e a necesidade do seu coidado, así coma a figura do avó e as relacións interxeracionais”.

Eva Piay Fernández (Rubiá, 1999), que se presentou ao certame co pseudónimo “Auga doce”, cursa o último ano de Belas Artes en Valencia. Compaxina os estudos co traballo como ilustradora en varias revistas e fanzines, e ten colaborado ademais con escritoras, concellos e organizacións en traballos de ilustración e cartelería. O xurado subliñou que as imaxes propostas para ilustrar o libro ofrecen “panorámicas e contextos diversos, e que representan perfectamente a idea da diversidade que ofrece a narración”.

Un documental sobre Vicente Risco nova ferramenta pedagóxica



Luis Baños, Valentín García e Luis Martínez-Risco.

Presentouse un documental producido ao abeiro do Fondo de Proxectos culturais Xacobeo 2021-2022, un sobre a figura de Vicente Risco. Esta convocatoria do Fondo Xacobeo permitiu, nestes dous últimos anos, “incrementar de maneira notable a produción de documentais en lingua galega sobre temas variados. Trátase de materiais de acceso gratuito para os espectadores que poden empregarse para o ocio ou a formación das persoas interesadas”, dixo o secretario xeral de Política Lingüística.

Na presentación sobre o proxecto audiovisual Persoas que alizcrazaron a nosa cultura: Vicente Risco, de Tecnología Gallega y Comunicación SL, interviron tamén

Luis Martínez-Risco, da Fundación Vicente Risco, e Luis Baños Campo, da produtora VisualQ. Este proxecto audiovisual, que contou co asesoramento da Fundación Vicente Risco, consiste nunha serie de seis vídeos de curta duración sobre unha das persoas que fundaron a nosa lingua e cultura modernas.

Todos conforman unha peza completa que versa sobre as distintas facetas de Risco: artista, divulgador, etnógrafo, mestre, místico, literato, xornalista, pensador e teórico político. Con este material preténdese dar unha visión renovada e rigorosa no contido e na forma da súa figura, para chegar a un público amplo, e, sobre todo, para que sirva de ferramenta pedagóxica.

O PSdeG critica que o PP vendeu fume sobre a aldea modelo de Osmo

O PSdeG-PSOE de Cenlle critica o “cinismo” do Partido Popular ao falar da aldea modelo de Osmo, como a primeira de Galicia neste ámbito, xa que segundo apuntan “a aldea non existe, nin hai previsións de que o proxecto se poña en marcha a curto prazo”. Os socialistas preguntaron ao rexedor acerca da situación do proxecto, obtendo como resposta que “o proxecto a día de hoxe non existe”.

Dende o grupo municipal socialista consideran unha “tomadura de pelo” que o conselleiro de Medio Rural veña a vender “fume” con respecto a un proxecto

que “nin está, nin se lle espera en próximas datas”. Os e as socialistas amosan o seu malestar co Partido Popular aos que acusan de “mentir descaradamente sobre o proxecto de Osmo, co único obxectivo de confundir a opinión pública e tratar de ganar así uns votinhos de cara as vindeiras eleccións municipais”.

Os socialistas tamén lle esixen ao conselleiro de Medio Rural, José González, que “deixe de buscar falsos titulares e de confundir á veciñanza cun proxecto que arestora non existe e do que se tiveron que devolver subvencións, xa que non se levou a cabo”. Para o voceiro do PSdeG-PSOE,

José Rodríguez Veloso, as declaracións do conselleiro do PP “son un insulto a intelixencia” e acusa ao alcalde de Cenlle, o popular José Manuel Rodríguez Lamas de “calar ante as mentiras do seu superior e tratar de esconder a realidade”.

O PSdeG de Cenlle tamén pon no foco a actitude “ditatorial” do alcalde do PP nos plenos, ao que acusan de “querer rematar rápido, para evitar deste xeito a fiscalización da oposición”. Neste senso, os socialistas relatan que no último pleno municipal, no apartado de rogos e preguntas, o alcalde negouse a responder unha das varias preguntas dos



José Rodríguez Veloso, voceiro do PSdeG-PSOE de Cenlle

socialistas alegando que “xa estaba ben e que había que rematar”. O voceiro socialista afirma que “eu fun elixido democráticamente e polo tanto teño a

obriga de preguntarlle e él de responder”.

Os socialistas tamén critican as “lamentables” formas do rexedor, cando o voceiro socialista lle indicou que lle facilitaba as preguntas ante as “presas” por rematar o pleno e que xa llas contestaría. “O alcalde respondeu dicindo que teño máis cousas que facer que aguantarte, unhas formas que son totalmente vergoñentas para quen representa o cargo de alcalde e que cobra 1.200 euros ao mes, ademais de dúas pagas extras, cousa que non facemos os socialistas, que traballamos por amor e dedicación ao municipio e as súas xentes”.

Concurso internacional de café tostado en Expourense

Termatalia, Feira Internacional de Termalismo, foi elixida sede para a celebración do primeiro Concurso Internacional de Café Tostado en Orixe, que empodera aos produtores de café e que reunirá en Ourense a caficultores de distintos países co obxectivo de promover a calidade do café tostado en orixe, un produto que promove a sustentabilidade e a ética comercial. Celebrarase de forma paralela e complementaria á feira nos días 29 e 30 de setembro 2022. Trátase dun concurso organizado pola start-up francesa "alternative. cafe" que avoga por un novo modelo de café "da planta á cunca". O concurso reunirá durante 2 días, no marco de Termatalia, aos mellores produtores de café de América do Sur e Central,

África, Asia e Oceanía.

O obxectivo principal é achegar ao produtor e ao consumidor Educar aos consumidores sobre o café, facer que aprecien as calidades organolépticas dos cafés tostados en orixe e a diversidade dos terroiros cafeeiros, facer que valoren a transmisión de experiencias. Tamén, axudar aos produtores para comunicar e comprender as expectativas do mercado; fomentar iniciativas locais que promovan a calidade e mellores prácticas sociais e ambientais (RSE), crear conciencia sobre o interese das designacións xeográficas nos territorios cafetaleros para protexer o produto procesado localmente.

Un xurado de expertos

Sumando sinerxias, o xurado deste concurso estará presidido pola directora da Cata Interna-

cional de Augas de Termatalia, Mercedes González Rodríguez, que é experta en análise sensorial e organoléptico. Entre os compoñentes do xurado poderán atoparse profesionais do café (baristas, distribuidores...) e profesionais do gusto (chefs, catadores, afeccionados ilustrados...). Os mellores cafés do mundo, xa sexan Arábica ou Robusta, serán premiados no acto oficial ao que asistirán representantes institucionais de Galicia, así como diplomáticos dos países produtores.

Cen cafés

Grazas á acción combinada dos delegados internacionais que conforman a "rede Termatalia" (a feira conta cunha vintena de delegados internacionais que cobren máis de 40 países) e a dos colaboradores de alternative. cafe,



En Termatalia poderase tomar cafés de 30 países produtores.

levou a cabo unha rigorosa selección nunha trintena de países produtores. Espérase que preto dun centenar de cafés excepcionais compitan neste concurso polos premios que lles permitirán non só ser recoñecidos no seu país, senón que tamén lle abrirán oportunidades con distribuidores españois, franceses e do resto de Europa.

Quentin Rouyer fundou alternative. cafe despois de darse conta da desigualdade da industria

do café: os caficultores mantéñense fóra do paso de xeración de valor, a torrefacción. Despois de graduarse de HEC Paris, quixo achegarlles os seus coñecementos e defender a súa visión ética e social do comercio internacional. Por primeira vez en Europa, alternative. cafe traballa directamente e en asociación cos produtores. Todos os cafés ofrecidos son cultivados, tostados e envasados polos seus produtores, actores da súa economía local.

Allariz é mecenas da Casa de Rosalía de Castro

Cristina Cid, alcaldesa de Allariz, e Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Castro, asinaron no consistorio un convenio de colaboración. Cristina Cid sinalou que Rosalía para Allariz é un referente. Esta nova colaboración entre a Fundación Rosalía de Castro e o Concello de Allariz permitirá que tanto nos centros escolares, como nas propias actividades municipais de Allariz, como poden ser as Club

de Lectura, da Casa da Mocidade ou para veciños e veciñas de Allariz a figura da escritora galega estará presente. "Rosalía para Galicia é moito máis e polo tanto é necesario que dende a administración pública se faga a divulgación do seu legado. Non hai ningún país que se constrúa se esquece o seu pasado, se se esquece dos seus referentes".

Anxo Angueira resaltou a importancia que para a Fundación

de Rosalía de Castro supón a sinatura deste convenio con Allariz polo seu compromiso coa cultura e o idioma galego. Rosalía naceu e morreu en Padrón, pero como ben dixo Anxo Angueira "Rosalía e de quen quere ser de Rosalía de Castro". Agradeceu finalmente a alcaldesa e ao Concello de Allariz por este convenio.

En virtude deste convenio anual, tanto os escolares do municipio coma as asociacións cul-



turais e persoas empadroadas no Concello de Allariz poderán desfrutar da visitas guiadas de balde á Casa de Rosalía en Padrón. Igualmente establecece a cola-

boración para os actos de celebración do Día de Rosalía e o intercambio de material divulgativo así coma de actividades que poidan xurdir ao longo do ano.

 <p>info@jbainmobiliaria.com 988 10 20 75 www.jbainmobiliaria.com</p>	<p>ORO Y PLATA +25 años a su servicio</p> <p>Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense en frente confitería</p> <p>988 232 903</p>	<p>Orixe PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN</p> <p>Diseño - Imprenta Rotulación - Eventos</p> <p>Francisco de Mauro 20 • Ourense 988 60 70 75</p> <p>www.orixepublicidade.es</p>	<p>MERCERÍA CRUZ</p> <p>Rúa Dr. Maraño 1 Ourense</p> <p>988 049 333 625 484 781</p>
---	---	--	--

Contacontos de verán nas bibliotecas

O Concello de Ourense, a través da área de Educación e Universidade, organiza a actividade "Contacontos de verán". Trátase de contacontos dirixidos ao público infantil, que terán lugar durante todo o verán nas tres bibliotecas municipais: A Carballeira, A Ponte e San Francisco. Esta actividade realízase en colaboración co programa "Ler

conta moito", da Xunta de Galicia. A inscrición realízase nas bibliotecas onde se desenvolverán os contacontos e a asistencia é de balde. O programa completo inclúe 13 sesións.

Biblioteca da Carballeira: 30 de xuño, "As viaxes de Irene", Solidariedade Internacional de Galicia ás 12:00 horas. 5 de xullo, "Os conatos da pota", Ana Facchini ás 12:00 horas. 8 de xullo, "Historias de viaxes e bibliotecas", Sara Guerrero ás 12:00. 12 de xullo, "A bruxa Maruxa non quere ser bruxa", Batucado y Emusin ás 12:00 horas. 26 de xullo, "Onde está Amelia Earhart?", Andrea Barreira

ás 12:00. 29 de xullo, "Dada o duende", Patricia Martínez ás 12:00 horas. Biblioteca da Ponte: 13 de xullo, "Contos arredores do lume", Alba Grande ás 11:00 horas. 27 de xullo, "Tanto conta, conta tanto", Ana Facchini ás 11:00 horas.. 10 de agosto, "Animais artistas e outras cousiñas", Iván Davila ás 11:00. 31 de agosto, "Contos animados", Carballiños ás 11:00 horas. Biblioteca de San Francisco: 11 de xullo, "O lobo feliz", Miguel Guido ás 11:00 horas. 4 de agosto, "Contamaxias", Mago Paco ás 11:00 horas. 24 de agosto, "Maletas viaxeiras", Sabela Gago ás 11:00 horas.



Abanca mantén aberta a oficina da Carballeira



Gonzalo Pérez Jácome, alcalde de Ourense, reuniuse na Alcaldía co director territorial de Abanca en Ourense, Rubén Saavedra, ao que lle arrancou o compromiso da entidade bancaria de que non pechará a oficina da rúa de Marcelo Macías, que dá servizo ao barrio da Carballeira. O alcalde trasladoulle ao responsable de Abanca o acordo do pleno do Concello de Ourense, no que todos os grupos políticos municipais aprobaron por unanimidade unha moción do BNG que demandaba que non se pechase esta oficina.

Pérez Jácome valorou esta nova, na medida en que vai ser

moi positiva para a veciñanza do barrio da Carballeira, que seguirá contando coa posibilidade de acceder aos servizos da entidade bancaria na súa contorna, e valorou o compromiso de Abanca e o seu liderado en Ourense: "Creemos que é importante e que ademais se mantén o liderado e o compromiso de Abanca coa cidade, non olvidemos que ten 16 oficinas operativas no noso municipio, o que supón case o 40% das oficinas da cidade. Entendemos que é importante, que é unha boa noticia e esperemos que as empresas non diminúan senón que aumenten na cidade de Ourense", concluíu o rexedor municipal.

Torremolinos
 Certificado desinfección seguro
 www.saneacontrol.com
 Rúa Marcelo Macías, 35. Teléfono 988 231 107 OURENSE

Trasníños
 ARÁNDANOS
 SIN CONSERVANTES SIN COLORIANTES
 ¡Da terra a túa mesa!
 Pedidos: 617 41 80 17.
 O TRASNO. Rúa Lepanto, 10. Ourense.

Muebles Dona Antonia
 Rúa Marcelo Macías, 57. OURENSE
 www.mueblesdonaantonía.com
 Tfños. 692 694 266
 info@mueblesdonaantonía.com
 00351 933 755 384

EL HORNIGUERO
 CROQUETERIA - BINTONIES
 Bocadillos, sándwiches
 hamburguesas, ensaladas
 platos combinados
 raciones, sobremesas
 Comidas a domicilio
 Marcelo Macías, 3. Ourense. Tfños. 988 070127/609467043

A rúa Vázquez Núñez está pechada por obras ata agosto

O Concello de Ourense iniciou a mediados de marzo os traballos de urbanización e humanización da rúa Vázquez Núñez, no barrio da Carballeira. A execución das obras prolongarase durante 5 meses. A obra ten un orzamento adxudicado de 361.911€, e a empresa encargada da execución é Cotoverde, Obras e servizos, S.L.

A actuación ten como obxectivo a substitución das redes e a mellora da mobilidade para a cidadanía. Con esta intervención, continúaase coas obras de



humanización e mellora dos barrios da cidade que desenvolve a Concellería de Infraestrutu-

ras.

A execución das obras fai necesario pechar a rúa á circulación de vehículos, aínda que segue permitido o acceso a garaxes, servizos de emerxencia e vehículos de carga e descarga. Os desvíos de tráfico para itinerarios alternativos están establecidos pola Avenida de Portugal, rúa Nicomedes Pastor Díaz, travesía Fernández Alonso, e rúa Martínez Sueiro.



O polideportivo da Carballeira chamarase Secundino Basalo



A cidade de Ourense réndelle unha sentida homenaxe a Secundino Basalo, que dálle nome ao polideportivo municipal da Carballeira. As instalacións, recentemente remodeladas, foron inauguradas nun emotivo acto en agradecemento á súa dedicación ao deporte e en especial á mocidade da Carballeira. O alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, o presidente do Consello Municipal

de Deportes, Mario Guede, e representantes dos grupos políticos municipais, asistiron á inauguración das instalacións. O Polideportivo acolleu o Play Off Autonómico de Hockei Liña, unha importante competición autonómica incluída na programación deportiva das Festas de Ourense, que tamén serviu para facerlle unha homenaxe póstuma ao presidente de honra do Club Patinatur, Manuel Montes.

EL CORRAL
Chuletón (por encargo). Bacallau. Chuletillas de lechazo.
607 236 581. Praza dos Suaves, Casco Vello. OURENSE

Taperia O'Perico
Pinchos y Tapas, Vinos y Cervezas

LA RULETA PICANTE DE PERICO
ATREVETE
Píde los Pinchos Perico para los que seais y alguien se sorprendera, por que lo ponemos **PICANTE**

988 23 11 13
Rúa da Unión, 2
Ourense

café prifer
Rúa Marcelo Macías 56
O U R E N S E

CAFÉ BAR LOBERA
Almorzos
Callos
Tapas para levar
Rúa Velázquez, 1. Tfno. 638 30 88 34. O COUTO (Ourense)

Un veciño do Pereiro percorreu España en bicicleta e promocionou o seu pobo

Alfonso Xunco, veciño do Pereiro de Aguiar, chegou ao seu pobo natal despois de 44 días de percorrido en bicicleta por toda a Península. Recibiuno o alcalde, Luís Menor, membros da corporación municipal, familiares e amigos. Cubriu 150 quilómetros cada xornada ata completar seis mil. Saíu o pasado 14 de maio e chegou ao primeiro punto da costa galega, Saians, onde foi seguindo toda a costa de España e Portugal. 25 mil metros de desnivel positivo, con bicicleta non eléctrica (todo a pedal). Junco estivo en Porto, Coimbra, Lisboa, Huelva, Xérez, Málaga, Almería, Alicante, Valencia, Castellón, Tarragona, Barcelona, Andorra, Donostia e Santander.

“Creo que darlle visibilidade é darlle futuro e o futuro para o Concello é o meu propio e o dos meus fillos. Foron moitos os an-



Alfonso Junco recibido no Pereiro.

daluces e cataláns que me preguntaron que roteiro estaba a facer e cando lles expliquei que saín desde a miña casa no Pereiro de Aguiar interesábanse por saber onde está e expliqueilles os roteiros que temos, a gastronomía que poderían gozar; creo realmente que é un Concello con moito que ofrecer”.

Aclara que “xa estaba preparado, teño boa forma física, fixen deporte de fondo desde hai anos e ciclismo desde pe-

queno, ademais é verán, o peor que me podería pasar sería perderme e durmir por aí”, di recoñecendo que de perderse gustoulle facelo en Doñana. “Foi increíble, trinta quilómetros de pura area para ao final ter que cruzar en barco, é espectacular”, aínda que o seu plan inicial era facer a Transpirenaica e por iso destaca tamén os Pirineos “os miradoiros de Ordesa” e “a beleza e a dureza da costa galega; é unha brutalidade”.

Dous anos de “xantar na casa” para os maiores do Pereiro



Un servizo imprescindible no Pereiro.

Fai dous anos, coa pandemia, o Concello do Pereiro puxo en marcha o servizo “xantar na casa”, “da man da Xunta de Galicia que nos prestou unha axuda extraordinaria. Tiñamos a idea de facelo, pois era un dos nosos obxectivos, pero a Covid -19 forzou a implantalo e o resultado non puido ser mellor” recorda o alcalde. Dende ese momento moitas familias gozan deste servizo ao que xa non poderían renunciar. “Somos un dos

concellos con maior número de usuarios e estamos seguros que seguirán en aumento dado o bo resultado. Dieta variada e equilibrada para os nosos maiores. Unha axuda imprescindible para eles e para as súas familias” recalca o rexidor municipal.

Este servizo xunto coa axuda no fogar e a teleasistencia conforman un paquete de prestacións que fai que moitos veciños de máis idade do Pereiro poidan seguir na súa casa; onde máis lles gusta.

Santa Marta e a Derrasa melloran a seguridade vial

A estrada que comunica Santa Marta coa Derrasa ven de rematar as obras de ampliación da súa calzada e mellora da seguridade vial coa construción dunha senda peonil. Santa Marta é a capitalidade da parroquia máis poboada do do Pereiro de Aguiar con máis de 1.250 habitantes e A Derrasa, con tres-

centos habitantes, un dos núcleos máis grandes e de maior actividade económica.

Ao longo dos últimos tres anos, en sucesivas fases, acometeuse esta importante obra que presta un importante servizo para os veciños destes dous núcleos e os moitos usuarios da mesma nunha zona tan poboada e tan dinámica.

O importe das obras neste tempo superaron os 150 mil euros o que acredita a importancia da obra acometida.

“Tamén se melloraron os servizos na zona con canalización de pluviais e preinstalación do servizo de alumeadado público que será completado en canto sexa posible. A falta de pequenas me-

lloras dende hai unhas dúas semanas esta obra é un realidade e melloría do servizo é moi notoria para todos os que a usan diariamente” indica o alcalde. “Boa parte do seu percorrido esta moi preto da ruta dos muíños do Loña a que se pode acceder en varios puntos da mesma o que constitúe un atractivo máis”, recorda o rexidor.



Ampliación da calzada.



A Xunta mellora os accesos ao parque empresarial do Pereiro de Aguiar

A Xunta de Galicia, a través da liña de axudas a parques empresariais, ven de conceder ao Pereiro de Aguiar unha axuda que posibilitará facer realidade unha vella demanda para mellorar a conexión do parque empresarial coa urbanización de Monterrei no límite territorial do Concello. A obra que supón un investimento de preto de 120 mil euros suporá dotar de novo firme, renovar servizos, iluminación e beirarrúas ao tramo da estrada que discorre dentro do termo municipal.

Por outra banda, a Xunta concede unha subvención para mellorar o acceso noroeste ao parque empresarial do Pereiro. A actuación discorre no tramo que pertence íntegramente ao Concello, dende a urbanización de Monterrei ata a primeira rotonda do parque. As obras consistirán en renovar servizos, recollida e canalización de augas pluviais, construción de beirarrúa así como alumbeado no mesmo e nova capa de firme en todo o tramo afec-



Vía de acceso principal ao parque empresarial.

tado. Esta liña de axuda, ademais de mellorar o acceso ao pulmón industrial, supón tamén mellorar a conexión coa urbanización de Monterrei que é o segundo núcleo en volume de poboación do Concello con máis de 450 veciños. Maior seguridade para vehículos e peóns que a diario utilizan esta vía en gran número e que se verán moi beneficiados pola obra.

A vía de acceso directo a capital de Ourense tamén se verá beneficiada polo acordo tomado polo pleno do Concello da capital que suporá a reforma integral entre a rúa Canle e o Xardín Bo-

tánico.

“Segue a faltar o tramo intermedio entre estes dous que agora se van a acometer en ambos concellos e que esperamos sexa tamén pronto obxecto de mellora e remate coa actuación en toda a estrada que dende O Pereiro demandamos como estratéxica e que pouco a pouco se vai facendo realidade. En todo caso un logro importante para o noso Concello e que agradecemos unha vez máis a Xunta de Galicia polo apoio recibido para a realización das obras” sostén Luis Menor Pérez, alcalde do Pereiro.

O Pereiro abre as piscinas da Veiga de Abaixo

A empresa concesionaria das obras do parque acuático de Monterrei renunciou a realizadas alegando aumento dos custes do material necesario. Pese ao importante incremento ofertado pola Xunta para a continuación das obras (máis dun millón de euros, 21,24% respecto do prezo inicial do contrato) a empresa non aceptou a oferta polo que procede a rescisión do contrato e a unha nova licitación.

En palabras do alcalde, Luis Menor, “dende o Concello valoramos de xeito altamente positivo o esforzo feito por Xunta e Deputación e lamentamos que a obra sufra retrasos que confiamos sexan os menores posibles diante da firme vontade de facer unha nova licitación canto antes. Lamentamos os prexuízos producidos a veciños e visitantes do noso

Concello e avogamos porque se retomen de novo as obras”.

“Como dano colateral importante a esta paralización, e dado o estado de execución actual, prodúcese a imposibilidade de dispor das piscinas este verán polo que somos conscientes das molestias e prexuízos causados aos veciños e visitantes que todos lamentamos pero do que ninguén, salvo a situación de crise xeneralizada actual no sector, é culpable. No Concello valoramos moito o esforzo da Xunta e Deputación para tentar en todo momento e dentro das súas posibilidades que non se paralizara a obra”, manifestou o alcalde.

Por outra banda, o rexidor municipal asegura que “as nosas piscinas municipais, sitas na Veiga de Abaixo, están listas para a súa apertura o que será efectivo nos vindeiros días unha



Complexo deportivo de Monterrei.

vez que se produza a incorporación dos socorristas o que tamén presentou unha gran complexidade dado a escaseza destes profesionais. Desde as mesmas daremos o mellor servizo posible aos nosos veciños, como cada ano, paliando, a lo menos en parte, que neste verán non poidamos disfrutar das nosas queridas piscinas de Monterrei”, remata Luis Menor.

Centro de día para O Pereiro

O alcalde asinou coa Consellería de Política Social o convenio que permitirá financiar a apertura do centro de día e desenvolver un programa importante na mellora da calidade de vida dos maiores: un programa integral de envellecemento activo e prevención de dependencia altamente beneficioso que vai a culminar un longo proceso e completar a carta de prestacións as persoas maiores para que acaden a mellor calidade de vida



Próxima apertura do centro de día.

(axuda no fogar, xantar na casa, teleasistencia).

Mozos europeos no albergue de Ordellas



O Pereiro renovou o convenio con Sustinea para encher de actividade e vida o albergue de Ordellas en favor da veciñanza que tan ben acolle estes eventos como música, tradicións, medioambiente. Este 2022 ampliaranse as actividades: realizarase unha mellora paisaxística en espazos degradados, xogos populares internacionais e actividades para cativo. “Agardamos que polo albergue de Ordellas

pasen mozos e mozas de Grecia, Portugal, Letonia, Croacia, Italia, Francia, Bulgaria, Xeorxia, Holanda e Ucraína. Estes últimos participarán nun intercambio onde difundirán a situación actual do seu país e a realidade que está a vivir. Estas actividades quedan sempre supeditadas a que non se precise o albergue para acoller a refuxiados ou calquera outra de superior interés”, en palabras de Luis Menor, rexidor municipal.

O Pereiro limpa contenedores

A recollida de lixo, e todo o que rodea a mesma, (recollida selectiva, punto limpo, recollida de enseres a domicilio) “son aspectos nos que traballamos día a día para mellorar este servizo que temos delegado na Deputación de Ourense. Entre as accións que se precisan están o lavado e substitución de colectores de lixo cando sexa ne-

cesario. Na substitución temos avanzado moito polo que os que hoxe temos en servizo presentan un bo estado en xeral. A limpeza é outro aspecto no que temos que traballar arreo. Estase a proceder a un dos limpados periódicos que fai a Deputación co seu persoal e maquinaria, para que presenten mellor aspecto”, soste o rexidor Luis Menor.

Acisclo Manzano recibe a Medalla de Ouro da Provincia

O escultor Acisclo Manzano recibiu a Medalla de Ouro da Provincia nun solemne acto celebrado no salón de plenos da Deputación de Ourense e presidido por Manuel Baltar, que definiu ao artista como todo un referente do “ourensanismo transformador, da arte e da bonhomía”. Unha distinción que o escultor correspondeu anunciando “un agasallo para todo Ourense” cando cumpra 90 anos cunha exposición que titulará *Tocar e levar*, “porque quero estar en todas as casas”.

Manuel Baltar resumiu o compromiso de Acisclo Manzano coa arte citando as palabras do homenaxeado: “Son escultor e doulle grazas á escultura”, deixou escrito o propio artista no encabezado do libro *Acisclo Escultor*, patrocinado e editado pola Deputación en 2016 e que recolle a investigación realizada pola profesora Mercedes Gallego con ilustracións de Mani Moretón.

O presidente do goberno provincial expresou a súa “admiración, respecto e agradecemento a un ourensán de pura cepa, a unha personalidade fondamente humana, inimitable, intuitiva e a un referente do que somos e ata onde podemos chegar”. Un escultor do que destacou a súa capacidade “para conciliar discretamente, sen facer ruído, sempre con eficacia” no contexto dos movementos artísticos “que agromaron na Auria que lle tocou vivir e na que segue a estar totalmente presente”. Subliñou outra capacidade máis: “Rachar co pasado sen renegar nunca das súas raíces”.

O homenaxeado referendou ese sentimento afirmando que “son de Ourense e nacín nas Burgas; máis non podo pedir”, engandido que abonda con mirar cara Montealegre ou a Ribeira Sacra para comprobar que xa temos todo aquí, as formas, a paisaxe, a escultura e a pintura, sen necesidade incluso de saír de Galicia”.



Intervención do escultor homenaxeado.

Nun discurso improvisado, “para non repetirme nas anteriores intervencións”, Acisclo Manzano recoñeceu que “a escultura se cuestroume, é o meu síndrome de Estocolmo, quéroa”, apuntando que quizás esta devoción veña do seu propio nome, pois gregos e romanos chamaban “acisclos” ás macetas ou martelos de ferro que utilizaban os canteiros.

Rematou asegurando que corresponderá a esta distinción “cun agasallo para todo Ourense” organizando unha exposición no

seu 90 aniversario que pensa titular *Tocar e levar* porque “a escultura ten que estar nas casas de todos meus amigos e de todos os veciños”.

Complicidade con Xaime Quesada

A catedrática de Historia da Arte Contemporánea da Universidade de Vigo, María Victoria Carballo-Calero, foi a encargada da laudatio, na que afirmou que as obras de Acisclo “son unha xeografía do corpo que moldea e transforma en paisaxes, esculturas

de inspiración clásica con pezas nas que latexa con forza o espírito da terra propia de Galicia”. Carballo-Calero quixo subliñar a “amizade e complicidade” do escultor con Xaime Quesada -ao que reivindicou para evitar o seu esquecemento- e do que dixo axudou a facer máis cosmopolita a Acisclo.

A deputada de Cultura e Producións Audiovisuais, Patricia Torres, como instrutora do expediente de honra, deu lectura ao acordo do pleno de maio de 2020 no que se aprobou conceder a Medalla de Ouro a Acisclo Manzano como “homenaxe do pobo de Ourense a toda unha intensa e frutífera traxectoria artística que contou co unánime recoñecemento da sociedade, confirmando que estamos ante un ourensán que co seu concepto innovador e vangardista contribuíu a situar a arte galega nun lugar destacado do panorama nacional e internacional”.

Vehículo para a protección do medio ambiente e de espazos naturais en Cea

A directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, visitou o Concello de San Cristovo de Cea acompañada do delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, para comprobar as actuacións que se levan a cabo na defensa do medio ambiente coa axuda dun vehículo adquirido cunha achega do Goberno galego.

A través dunha axuda de 26.250 euros do Fondo de Compensación Ambiental (FCA), o Concello de San Cristovo de Cea adquiriu un vehículo tipo pick-up para a protección do medio ambiente e de espazos naturais, incluídas aquelas actuacións que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco.

O Concello xustificou a súa adquisición na necesidade de coidar e protexer o patrimonio natural dun municipio que conta cun espazo incluído na Rede Natura como é Pena Veidosa. Ade-



O vehículo presentouse na Praza Maior da localidade.

mais, dispón dunha gran riqueza arqueolóxica e paisaxística, así como lugares de interese turístico como o Mosteiro de Cea. Atractivos todos eles que se ven incrementados por formar parte o concello do Camiño de Santiago, particularmente da Vía da Prata. A administración local carecía ata o de agora de recursos suficientes para facer fronte as actuacións necesarias para a conservación e protección de ditos espazos.

A directora xeral de Administración Local subliñou que o

FCA ten como obxectivo contribuir ao desenvolvemento e a recuperación sostible dos municipios galegos, aos que destina este ano 11,3 millóns de euros. Entre as accións subvencionables do fondo inclúese a mellora da eficiencia enerxética das instalacións e edificios municipais e a utilización de enerxías renovables. Con estas axudas, a Xunta tamén apoiará un ano máis aos concellos na dotación de medios para a protección do medio ambiente, como é o caso de San Cristovo de Cea.

A Deputación colaborará na mellora da depuradora de Cea



José Luís Valladares e Manuel Baltar.

Manuel Baltar, presidente da Deputación, mantivo unha reunión de con José Luís Valladares, alcalde de San Cristovo de Cea, para analizar as liñas de colaboración abertas entre ambas administracións e perfilar novas iniciativas de cooperación nos próximos meses. Baltar comprometeu a axuda da Deputación para mellorar a depuradora municipal: “Unha actuación imprescindible porque temos varios elementos da EDAR con certo deterioro, que é necesario arran-

ñar”, sinalou o rexedor.

Manuel Baltar e José Luís Valladares tamén avanzaron o compromiso do goberno provincial para o acondicionamento e humanización de varias rúas do lugar de Fondo de Cea, ademais de avanzar a colaboración en diversas iniciativas culturais que organizará o Concello nos próximos meses. “Coma sempre, é perfecta a dispoñibilidade da Deputación e, persoalmente, o compromiso do seu presidente.”, resaltou José Luís Valladares ao término da reunión no Pazo Provincial.

Plan Territorial Especial para San Fiz de Asma

Encarnación Rivas, directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, explicou á veciñanza de San Fiz de Asma (Chantada) os beneficios que suporá o Plan Territorial Especial (PTE) durante unha charla informativa na que estivo acompañada do director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), Jacobo Hortas; do alcalde de Chantada, Manuel Varela, e do arquitecto redactor do PTE, Juan Mario Crecente. Os asistentes —dúas decenas de propietarios afectados polo PTE—, amosaron o seu interese pola proposta e expuxeron as súas necesidades logo de ter comezado

xa a recibir as notificacións individualizadas da aprobación inicial do documento.

O PTE de San Fiz xorde da declaración da paisaxe cultural da Ribeira Sacra como Ben de interese cultural a finais do ano 2018, momento no que se considerou necesario realizar unha ordenación detallada desta parroquia polas súas condicións xeolóxicas e morfolóxicas, os valores patrimoniais e a xeografía. Todo isto, xunto cunha recente ocupación, confirenlle unha identidade diferenciada doutras paisaxes que a fan tamén altamente representativa dos atractivos da Ribeira Sacra.

Este plan ten por obxecto es-

tablecer a ordenación integrada deste ámbito en razón das súas especiais características naturais, ecolóxicas e paisaxísticas, que compatibilice a súa protección coa máis racional explotación dos recursos. Así, coa elaboración do PTE —cun investimento da Xunta de 68.000 euros— preténdese a súa conservación e o seu mantemento por considerarse unha paisaxe construída digna de preservar.

Este proxecto enmárcase dentro do chamado Plan de acción estratéxico para a Ribeira Sacra, un conxunto de medidas que impulsou a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en setembro



Charla informativa presidida polo alcalde de Chantada.

de 2019 co obxectivo de mellorar a planificación e a protección deste territorio a cabalo entre as provincias de Lugo e Ourense.

Para isto, o Plan inclúe un paquete de 10 propostas a nivel ambiental, paisaxístico e urbanístico, a maioría delas xa en marcha, e das que se beneficiarán un total de 30 concellos, cun investimento global de máis de 4,5

millóns de euros. Unha vez que remate o prazo de información pública e notificados todos os afectados, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos para, a continuación, ser aprobado provisionalmente. Estímase que, a continuación, poida recibir a aprobación definitiva, por parte do Consello da Xunta, no último trimestre deste ano 2022.

O certame de investigación Condado de Pallares foi presentado en Lugo



O prazo de presentación estará aberto ata o 30 de setembro.

AXVI edición do Certame de investigación Condado de Pallares, que convoca a Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares e conta co apoio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, presentouse en Lugo.

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e o delegado territorial, Javier Arias, participaron neste acto xunto a Carlos Vázquez, presidente da entidade organizadora; Manuel Lorenzo, alcalde de Chantada; Ramiro Moure, alcalde de Taboada; María José Gómez, alcaldesa de Guntín, e Maite Fe-

reireiro, vicepresidenta da Deputación de Lugo, entre outros.

Os representantes do Goberno galego destacaron as achegas á cultura xeral de Galicia que se deben a este certame, que estuda o ámbito local dos cinco concellos que formaron o antigo Condado de Pallares: Chantada, Guntín, Taboada, Portomarín e Carballedo.

Grazas a esta convocatoria viron a luz estudos de investigación sobre temas tan diversos como a cultura castrexa e galaico romana na zona, a liñaxe da Casa de Taboada, a propia evolución do Mosteiro de Ferreira de Pallares, a presenza do Mestre

Mateo no sur de Lugo, os caneiros do Miño, as fábricas de cortidoiros ou as bandas de música.

En definitiva, segundo afirmaron na presentación, a iniciativa impulsa a investigación de calidade en lingua galega, arredor de ámbitos como a historia, a arte, a arqueoloxía, a antropoloxía, o folclore ou a lingüística.

Poden concorrer ao certame todas as persoas que presenten textos inéditos en lingua galega coa citada temática, cun mínimo de 100 folios e sen extensión máxima. O premio conta cunha dotación económica de 3.000 euros e inclúe a publicación do traballo gañador.

Melloras na vía Chantada e o Alto do Faro



Ofrecense carrís alternativos para a circulación.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade inviste 165.300 euros nas obras de mellora que acaba de iniciar na vía de altas prestacións CG-2.1, no treito entre Chantada e o Alto do Faro. Os traballos consisten no reforzo localizado do pavimento entre os puntos quilométricos 29+450 e 43+050.

Para iso programouse a realización de fresados nas partes da vía que o precisan e a reposición do firme con mestura bituminosa en quente. Posteriormente repintaranse as marcas viarias. A intervención previsto que remate a mediados de xullo aproximadamente. A execución das obras afecta puntualmente ao tráfico,

polo que está prevista a habilitación de carrís alternativos de circulación coa debida instalación de sinalización provisional cando sexa necesario.

A Axencia Galega de Infraestruturas, acomete directamente estes traballos cos medios de conservación de estradas da provincia de Lugo, co fin de reforzar a seguridade neste treito da CG-2.1, unha vía que conecta Monforte de Lemos co Alto do Faro.

En 2021 rehabilitouse completamente o firme desta vía de alta capacidade entre Monforte de Lemos e Escarón (O Saviñao), dentro dun contrato de mellora de estradas da Zona Sur de Lugo dotado cun orzamento de 2 M€.

Camiño Emprendedor exemplo de concordia en Ourense, Muxía e Fisterra

Celebrouse en Ourense a sexta etapa do proxecto Galicia Camiño Emprendedor co que emprendedores galegos están a percorrer tramos do Camiño da man da Xunta e a Fundación Ronsel para impulsar o talento e o emprego; baixo o lema escollido para esta nova edición do programa, 12 etapas, 12 retos.

A etapa polo Camiño Mozárabe ou Vía da Plata, que discorreu por terras de Xinzo de Limia, Allariz e San Cibrao das Viñas (Ponte Noalla) baixo o reto da Viabilidade do emprendemento no rural, pretende apoiar ás persoas que teñen en mente iniciar un proxecto empresarial mediante un proceso de mentoring a través da realización das etapas do Camiño de Santiago.

Os retos que se propoñen acadar nesta ocasión están en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Na etapa desenvolveuse o enun-



Camiñantes por Allariz.

ciado: o emprendemento como modelo de integración e xerador de igualdade de oportunidades.

Camiño de Fisterra

A próxima etapa, a do mes de xullo, desenvolverase polo Camiño de Fisterra e Muxía entre os días 13 e 14 de xullo polo Santuario da Virxe da Barca (Muxía), Lires e Fisterra baixo o lema a transformación dixital como ferramenta da mellora laboral e profesional das persoas. O programa rematará en decembro en Santiago de Compostela,

coincidindo coa capitalidade da economía social que este ano ostenta a cidade galega.

O proceso de mentoring é a clave deste programa, en palabras Gabriel Alén, delegado da Xunta, co fin de intercambiar experiencias profesionais e vitais que contribúan a facer do emprendemento "unha forza impulsora en Galicia". A iniciativa desenvólvese desde o ano 2017 e conxuga a cultura galega co propósito de dinamizar o emprego en Galicia.

Inmobles para vivendas de alugueiro en Ribadavia

A Xunta de Galicia destinará un total de 21.780 euros á redacción do proxecto de rehabilitación do inmovible emprazado na rúa Cervantes 16, un dos sete edificios adquiridos en Ribadavia e o primeiro que será obxecto de restauración neste municipio. O inmovible a rehabilitar foi adquirido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) no marco do programa Rexurbe, que permite adquirir e recuperar inmovibles en conxuntos históricos e posteriormente destinar as vivendas que se obteñan a alugueiro social destinadas ao colectivo dos menores de 35 anos.

Os sete edificios que se van rehabilitar en Ribadavia foron adquiridos cun investimento total de 354.829 euros, dos cales 37.798 euros destináronse á com-



Edificio da rúa Cervantes de Ribadavia.

pra do inmovible da rúa Cervantes. Ademais deste edificio, tamén están en proceso de licitación as redaccións dos proxectos e a dirección de obra doutros dous inmovibles, emprazados na praza de San Xoán, 3 e na praza García Boente, 1.

Accións preventivas contra os incendios

A Consellería de Medio Rural está executando traballos preventivos dentro do distrito forestal XIII Valdeorras-Trives que consisten fundamentalmente en accións preventivas na mellora de cortalumes e pistas forestais de montes de Castro Caldelas, Montederramo, Manzaneda, A Pobra de Trives, A Rúa e Carballeda de Valdeorras.

Se colocarán pasos de auga con canalización dos regatos e actuarase en cinco quilómetros de pista, co fin de facilitar o acceso e tránsito dos medios de extinción ao monte. O comezo das intervencións estase a realizar nos cortalumes de Plantío e Serra de abaixo, correspondentes á parroquia de Tronceda, no Concello de Castro Caldelas.

Estas medidas preventivas realízanse en zonas localizadas estratéxicamente. Neste sentido, nas áreas cortalumes rozarase a vexetación existente para interromper a continuidade da vexetación na zona e mellorar así as



liñas de defensa. Para iso, lévase a cabo actuacións de limpeza mecanizada en 147 hectáreas de cortalume, actuando na matorra de distintas alturas, e tamén se procederá ao arranxo de cunetas.

Estes traballos enmárcanse dentro do Plan preventivo que contempla un investimento de case 32 millóns de euros para poder actuar en máis de 58.600 hectáreas do territorio en case 5.800 quilómetros de pistas forestais e outras vías de comunicación en toda Galicia.

Xunta e Goberno central loitarán contra a actividade incendiaria

A Comisión provincial de Coordinación Policial de Loita contra os Incendios Forestais para a campaña deste ano quedou constituída en Ourense. Estará operativa desde o 1 de xullo ata o 30 de setembro, período establecido como época de alto risco de incendios forestais. O obxectivo desta reunión é o deseño de actuacións conxuntas para previr os lumes e loitar contra a actividade delituosa incendiaria.

Na reunión tamén participaron membros da Xefatura Territorial de Medio Rural, representantes da Subdelegación do Goberno, da Deputación da Federación Galega de Municipios e Provincias, e responsables da Policía Autonómica e Nacional e da Garda Civil. Presentáronse os distintos medios cos que se contará así como a competencia que terá cada un deles a través



Constitución da comisión provincial.

do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, Pladiga 2022. Ademais avalíáronse os plans operativos na provincia e coincidiuse en levar a cabo unha actuación que cubra todas as fronteiras necesarias: detección, disuasión, investigación e extinción.

Os representantes das administracións subliñaron a importancia de manter a coordinación

nas actuacións que se levarán a cabo nesta materia co fin de conseguir un cambio de comportamento social para reducir os danos medioambientais producidos polos lumes forestais. Apelaron á responsabilidade dos cidadáns para que extremen as precaucións e denunciaren calquera actividade delituosa incendiaria da que teñan coñecemento no teléfono gratuito e anónimo 900815085.

Cea celebrou con éxito a Festa de exaltación do Pan

O Concello de Cea celebrou a XXIX edición da festa de exaltación do pan, tradicional celebración en homenaxe aos produtos gastronómicos referenciais de Galicia. Este produto, con Indicación Xeográfica Protexida (IXP) volveu ser o protagonista da festa e da VIII edición da Ruta dos Fornos.

José Luis Valladares, alcalde

do Concello e Carlos Rodríguez, presidente do Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Pan de Cea, quedaron satisfeitos da celebración que contou coa colaboración da Deputación e agradeceron a participación do pregoeiro que loubou o pan de Cea, do que se puxeron á venda máis de 2000 pezas.

Foi pregoeiro José Manuel

Vázquez Rodríguez, xefe de Cardiología do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e nado en San Cristovo de Cea, que foi presentado por Marisa Crespo Leiro, recentemente nomeada filla predilecta deste Concello e que tamén é unha cardióloga e investigadora destacada.

A programación comezou o día 2 de xullo, coa celebración de diversos talleres que versaron sobre o complexo proceso de elaboración do pan e de aqueles produtos gastronómicos que teñen como base este alimento. Ese sábado, de seis a oito da tarde, foi a Ruta dos Fornos. Os asistentes percorreron seis fornos antigos, que non están en uso, e no exterior degustaron bebidas e petiscos sobre todo empanada elaborada co mesmo pan de Cea. A animación musical da ruta correu a cargo das agrupacións Charanga CLK, Candaíra, Feitizo de Pau, Pandereiteiras de Cea, Pandereiteiras



Por 10 euros os asistentes degustaron os produtos no exterior de 6 fornos tradicionais.



As charangas animaron ó público nos seis fornos da ruta.

de Celavella e Pratos Mornos. O concerto final da ruta correu a cargo do grupo de "Javier Movilla y los Irresistibles", ás 22.45 horas, e Gin Toni's, ás 0.30 horas; ambos os dous na Praza Maior.

Xa durante o domingo no Campo da Saleta na compañía de diversas charangas, gaitas e actuacións musicais celebrouse o xantar popular a base de produtos con denominación de orixe galega. Nese mesmo lugar, a través de diversos postos de artesáns e comerciantes, o público asistente tivo ocasión de adquirir varios

produtos, incluído o pan de Cea. Posteriormente houbo unha degustación gratuíta de chourizos ao viño con pan de Cea. O final de festa comezou a partires das 20,00 horas, con orquestra.

Durante toda a xornada do domingo, houbo un espazo expositivo no que participaron unha vintena de empresas de diversos sectores. Artesanía e gastronomía deronse cita nesta mostra feiral, que se complementou cun stand con produtos amparados por distintos consellos reguladores agroalimentarios galegos.

Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE

O Capricho

Servizo a domicilio

CASES HISTÓRICAS OURENSE

Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE

Tfno: 988 981 601

Adega Vella

Eirexa 14, ABELEDA,
32765 A TEIXEIRA - Ourense.
Tfno: 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra

Visita O TRASNO

Rúa Lepanto, 10 . Ourense

O CEIP de San Miguel de Reinante premiado no Certame Cooperativismo no Ensino

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade premiou dous proxectos do Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) de San Miguel de Reinante no marco do certame Cooperativismo no Ensino, que promove a través da Secretaría xeral de Apoio ao Emprego, Tránsito Autónomo e Economía Social.

O colexio mariñán recibiu no centro cultural Colexios Vellos da localidade o dobre recoñecemento polos traballos Cooperativa 3D, do alumnado de 3º e 4º de Educación Primaria, e Tecendo a cooperativa, de 5º e 6º de Primaria, ambos na modalidade de actividades artísticas. No primeiro caso deseñaron un logo en tres dimensións e no segundo servíronse de teas nas que bordaron palabras sobre os valores que inspiran o cooperativismo.

Este certame pretende difundir o cooperativismo entre o alumnado dos centros de educación infantil, primaria, secundaria, educación especial, formación profesional e ensinanza de réxime especial de Galicia, impulsando a



Alumnos premiados no Concello de Barreiros.

realización de actividades de fomento do cooperativismo nos centros educativos.

O colexio de San Miguel de Reinante comparte os galardóns deste ano con outros cinco colexios e institutos de Galicia: o CEIP de Laredo, en Redondela; o CEIP de Abanqueiro, en Boiro; o CEIP de Domaio, en Moaña; o Centro de Educación Especial Aceesca no Porriño e o IES de Valadares, en Vigo.

Cooperativismo e igualdade

No marco deste certame, os alumnos e alumnas de San Miguel

de Reinante disfrutaron no centro educativo do espectáculo A caixa sen pandora, de Teatro Ghazafellos, protagonizada por Pepablo Patinho e Montse Piñón, un espectáculo que fala de mulleres universais en xeral e mulleres galegas en particular que, como grandes heroínas, decidiron romper coa norma establecida e abrir a súa propia caixa. As cooperativas posibilitaron a igualdade das mulleres nas empresas desde o século XIX e, desde entón, moitas atoparon nesta fórmula a garantía de ter voz e voto.

Paco Ascón inaugurou exposición no Circulo Saviñao

No Circulo Saviñao de Escarón inaugurouse con gran asistencia de público, a exposición "As Portas de Lugo" do pintor de Xares, Paco Ascón. Unha mostra do talento deste artista, que combina o realismo coa maxia da súa busca permanente da felicidade que se transmite nos seus cadros, renunciando ao feísimo imposto.

Tamén os asistentes gozaron do seu libro "Ter ou Ser" recentemente publicado. En palabras de Enrique Sampil presidente do Circulo Saviñao, unha invitación á relectura da fábula "A formiga e a cigarra" onde o tempo de cantar é tan importante como o dedicado á laboriosidade

Paco Ascón convidou ao público á busca da felicidade, porque



aí radica a nosa misión neste breve lapsus que é a vida.

O escritor Avelino Jácome fixo mención dos sentimentos que verte entre líneas o autor neste libro, que se converte nunha lección de vida.

Pechouse o acto coa interven-

ción espontánea da poeta ourensana Marina Sánchez que coa súa sensibilidade e dozura conmocionou aos asistentes. A mostra pode visitarse ao longo de todo o mes de xullo, un luxo para os sentidos e sen dúbida unha experiencia inesquecible.

Ribas de Sil terá xeocamping en agosto



Quedará unha esplanada libre para futuras ampliacións.

Comezaron as obras do plan hurbe da Xunta de Galicia para rematar definitivamente as instalacións do xeocamping de Ribas de Sil. Estas últimas obras consistirán na construción dos viais interiores en zorra con bordillo de tacos de lousa, aporte de terra vexetal e instalación de regadío automático nas zonas verdes, iluminación, sinalización, área de servizos para autocaravanas, aparcadoiro de vehículos, delimitación de parcelas de acampada, mobiliario

urbano e miniparque infantil. Estas obras supoñen unha última inversión de 90.000 euros financiados nun 70% pola Xunta de Galicia e un 30% con cargo a fondos propios do Concello. O prazo para finalizar as obras será de dous meses. Cando rematen as obras, as instalacións serán legalizadas en Turismo (xa existe informe previo favorable). Posteriormente o Concello sacará a concurso a concesión administrativa para a explotación do Xeocamping de Ribas de Sil.

Día nacional das linguas de signos



Gabrien Alén, delegado territorial da Xunta en Ourense, visitou a caseta da Asociación de Personas Sordas de Ourense (APSOU) con motivo do Día Nacional das Linguas de Signos.

A celebración do 14 de xuño ten como obxectivo destacar a importancia das linguas de signos, que historicamente foron perseguidas e marxinadas, e

que en España se recoñeceron oficialmente en 2007.

O lema elixido para este ano é 'Libres para elixir, libres para signar' e as reivindicacións céntranse no ámbito educativo, reclamando para a infancia xorda unha atención temperana e unha educación integral de calidade que inclúa a lingua de signos, normalizando a súa aprendizaxe e uso.